

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA O CURSO 2023-2024

3º PDC

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NA ÁREA DE LINGUA INGLESA

A avaliación será continuada e progresiva:

- o primeiro trimestre terá un peso do 20% da cualificación final.
- o segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.
- o terceiro trimestre terá un peso do 50% da cualificación final.

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación e instrumentos de avaliación que recollerán os contidos especificados no decreto:

1. COMPRENSIÓN ORAL (CA6.1 + CA 6.2 + 6.3): 15%

Instrumentos de avaliación: proba escrita (cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e/ou preguntas de relacionar) de Listening Comprehension.

2. COMPRENSIÓN ESCRITA (CA 6.2 + 6.3): 10%

Instrumentos de avaliación: proba escrita (cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e/ou preguntas de relacionar) de Reading Comprehension.

3. PRODUCCIÓN ORAL (CA6.4 + CA 6.6 + CA 6.7 + CA 6.8): 10%

Instrumentos de avaliación: rúbricas/guía de corrección aplicada a un Speaking Test/Presentation.

4. PRODUCCIÓN ESCRITA (CA6.5 + CA6.12): 20%

Instrumentos de avaliación: rúbrica/guía de corrección aplicada a un Writing Test baseado nos modelos traballados na aula.

5. LINGUAXE FUNCIONAL (CA6.11): 30%

Instrumentos de avaliación: proba escrita con actividades que recollan contidos sintácticos, léxicos e morfolóxicos.

6. PORTFOLIO (CA6.13): 10%

Instrumentos de avaliación: rúbrica/guía de corrección aplicadas ao traballo persoal diario do alumnado feito na casa.

7. OBSERVACIÓN DIRECTA (CA6.7 + CA6.8 + CA6.9 + CA6.10): 5%

Instrumento de avaliación: rúbrica/guía de corrección aplicada á participación activa e de calidade na lingua obxecto na aula.

Se por circunstancias excepcionais non se puidese levar a cabo algunha das probas previstas, a porcentaxe da mesma engadiríase a outras probas.

A cualificación de cada trimestre será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres, sempre e cando o/a alumno/a supere a terceira avaliación cunha cualificación igual ou superior a 5.

A avaliación final será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

Por último, cabe saliantar as seguintes casuísticas:

1. No caso evidente de que algún alumno/a copie durante a realización dun exame, ese exame será automaticamente cualificado cunha nota de cero sobre dez.
2. O alumno/a que non asista á realización dalgún exame deberá xustificar a súa ausencia nun prazo máximo de 3 días desde da súa incorporación ás clases. De non ser así, perderá o dereito a facer o exame noutra data, o cal suporá a perda da porcentaxe correspondente a ese exame.

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN NA ÁREA DE LINGUA INGLESA

Logo das tres avaliacións trimestrais, o alumnado que non obteña unha cualificación positiva tras calcular a media ponderada dos tres trimestres ou non supere a terceira avaliación terá a oportunidade de recuperar a materia realizando unha proba final, que poderá incluír actividades de comprensión oral e escrita, de produción escrita e/ou de linguaxe funcional, ou tarefas específicas, tendo en conta a diversidade do alumnado. Esta proba final terá un peso do 100% da nota final.